

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 15 de xullo de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Por motivo do cambio de data do Pleno deste mes de xullo ao ser o último venres de mes festivo, trasládase a dita comisión para o martes, 15 de xullo de 2025, ás 17.10 horas.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de xullo de 2025**, ás 17.10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/39R/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

2. 2025/16504D PRESIDENCIA

Aprobación do cambio de titularidade a prol do Concello de Manzaneda (Ourense) da estrada provincial OU-0701 Cabalar (OU-636) – Vilariño de Conso, no treito de Manzaneda, PQ inicial 5+730, PQ final 6+660.

3. 2025/17816X PRESIDENCIA

Moción do BNG para a posta en marcha dun convenio de colaboración entre a Deputación de Ourense e os concellos co obxectivo de mellorar a execución das obrigas sobre as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

4. MOCIÓNS DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.